

## **BASES XV CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “CLUB ALPINO OURENSÁN”**

O XV Concurso de fotografía Club Alpino Ourenseño (Concurso) está organizado polo Club Alpino Ourenseño (Organizador). Para participar no CONCURSO, aceptas estas bases e que a presentación ao mesmo implica a súa aceptación.

### **1. Período do Concurso**

O Concurso comeza ás 00:00:00 o 20 de xuño de 2015 e remata ás 23:59:59 o 12 de xullo de 2015 (“Período do Concurso”).

### **2. Como participar**

Poderán participar tódolos socios do club que o desexen, excepto o gañador da edición anterior e os membros do xurado. A participación no Concurso é de balde

As imaxes deberán ser enviadas ao enderezo electrónico [concurso@clubalpinoourensan.es](mailto:concurso@clubalpinoourensan.es) ou presentadas no local en soporte dixital durante o Período de Concurso, non aceptándose imaxes fora do prazo establecido. As imaxes deberán ir acompañadas dun título, nome e apelidos do autor, número de teléfono e correo-e.

Independentemente do soporte utilizado para a súa realización, as obras presentaranse a concurso unicamente como arquivos dixitais en formato JPEG de alta calidade (pouco comprimido), cun tamaño mínimo de 1500 px no seu lado maior, una resolución mínima de 300 dpi (puntos por polgada) e un peso máximo de 8 Mb.

### **3. Tema**

As imaxes deberán estar relacionadas coas actividades levadas a cabo polos socios do club en tódalas súas modalidades: imaxes de montañismo, sendeirismo, escalada, esquí, espeleoloxía, descenso de canóns, paisaxes, flora, fauna, as súas xentes...

### **4. Obras**

Os participantes poderán presentar unha serie de ata 3 fotos. Ao presentar as súas imaxes ao Concurso, cada participante asegura que as súas fotos están en conformidade con estas Bases e cumpren os seguintes criterios:

- i. As imaxes deben ser un traballo orixinal que non conteña ou incorpore calquera contido, material ou elemento que sexa de propiedade dun terceiro.
- ii. As imaxes non deberían ser enviadas a ningún outro concurso nin haber gañado premio de calquera tipo.
- iii. As imaxes non deben ser ou ter contido despectivo, ofensivo, ameazante, difamatorio, que promova o odio ou danos contra calquera persoa ou grupo de persoas, ou que doutro xeito non cumpra co tema e espírito do Concurso.
- iv. As imaxes non deben conter ningún contido, material ou elemento que exhiba calquera tipo de publicidade de terceiros, slogan, logotipo ou marca rexistrada que indique un patrocinio por un terceiro, entidade comercial ou que non esté dentro do espírito do Concurso, conforme sexa determinado polo Organizador do concurso, ao seu exclusivo criterio.
- v. As imaxes non deben facer referencia ou mostrar, en primeiro plano, a calquera persoa, grupo ou organización sen o seu permiso.
- vi. As imaxes non deben estar suxeitas a acordo(s) de terceiros que poidan esixir ao Organizador pagar calquera cantidade de diñeiro a unha persoa ou entidade como resultado do uso e/ou explotación dos Dereitos de Imaxe no ámbito do Concurso.

## 5. Premios

Cada autor só poderá acadar un premio.

O importe do premio farase con cheques regalo que poderán ser trocados nos establecementos colaboradores do Concurso.

Os premios serán:

- i. 1º Premio de 250 €
- ii. 2º Premio de 100 €
- iii. Premio "Popular" 100 €

A entrega de premios será na Cea Anual do presente ano.

## 6. Xurado

O primeiro e segundo premio serán escollidos por un xurado formado por un núme-

ro impar de persoas, entre eles deberá haber un profesional da fotografía, o gañador do concurso anterior e polo menos un socio do club elixido pola Xunta Directiva de entre os que se presenten como voluntarios. No caso de que os gañadores foran, por calquera razón, descualificados, o xurado resolverá esta situación e poderá escoller unha segunda fotografía dun autor diferente como gañador do concurso. A decisión do xurado será inapelable.

O premio “Popular” será elixido por todos os socios do club en votación entre as obras presentadas, excluindo as xa premiadas. As obras poderán ser votadas por correo-e ou presencialmente no local do club, estas serán expostas numeradas na web do Club Alpino Ourenseño e no local, habilitándose unha urna a tal efecto. O voto por correo realizarase no enderezo electrónico [concurso@clubalpinoourensan.es](mailto:concurso@clubalpinoourensan.es). O período de votación será do 1 ao 30 de setembro. So se admite un voto por socio.

O Organizador resérvase o dereito a descualificar a calquera participante que baixo criterio exclusivo do Xurado intentase prexudicar o Concurso por erro ou outras prácticas de xogo desleal.

## **7. Resolución**

Os gañadores do primeiro e segundo premio serán anunciados na web do Club Alpino Ourenseño en torno ó 20 de xullo de 2015. Estes serán notificados por teléfono e/ou correo electrónico, a criterio do Organizador. O gañador do Concurso que non responda ao intento de notificación no prazo de 2 semanas a partir da primeira tentativa de notificación, poderá ser descalificado e será seleccionado un gañador alternativo polo xurado.

O resultado da votación do Premio Popular farase público na Cea Anual do presente ano.

## **7. Dereitos de propiedade intelectual**

Os participantes garanten que as súas fotografías son un traballo orixinal e, como tal, son o propietario e titular único dos dereitos das fotografías presentadas e que teñen dereito a presentar as fotografías ao Concurso e conceder todas as licenzas necesarias. Ata o límite máximo permitido pola lei, cada participante exime ó Organizador de calquera responsabilidade, reclamación, demanda, perdas, dano, custo e/ou gasto derivado de calquera acto, defecto ou omisión do participante de (a) imaxes enviadas polo participante que violen dereitos de autor, marca rexistrada ou outros dereitos de propiedade intelectual de calquera persoa ou difame calquera persoa ou infrinxa

os seus dereitos de publicidade ou privacidade; (b) calquera declaración falsa feita polo participante ao participar no concurso; (c) calquera erro tipográfico ou de impresión.

A propiedade intelectual das obras será do autor, con todo, ao participar no concurso e na medida do permitido pola lei, os autores, tanto das imaxes gañadoras como do resto de imaxes enviadas, autorizan ao Organizador, cunha licenza non exclusiva, perpetua e mundial, para utilizar as imaxes, publicalas na páxina web do Organizador, e para publicar e utilizar as fotografías nas exposicións que o Organizador determine, así como para a súa publicación en calquera medio dentro dos fins do concurso, en todo o mundo, e de calquera forma, sen revisión adicional, aviso ou aprobación.

O Organizador non explotará comercialmente as imaxes, todos os dereitos de explotación comercial serán propiedade dos seus respectivos autores.

Todas as imaxes utilizadas polo organizador, nos termos anteriormente establecidos, levarán indicación do seu autor.

## **8. Privacidade**

Ao participar, os participantes acceden a que os datos persoais indicados durante a participación, incluíndo nome, apelidos, enderezo electrónico e número de teléfono sexan procesados, almacenados e utilizados para os fins e no marco do Concurso.

Os participantes teñen dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición (ARCO) dos seus datos persoais mediante escrito a dirección de correo-e [contacto@clubalpinoourensan.es](mailto:contacto@clubalpinoourensan.es). Un participante que non proporcione os datos esixidos no momento da inscrición, será descualificado.

Ao aceptar un premio o participante acepta e consente por parte do Organizador o uso do nome de participante durante un período razoable despois da conclusión do Concurso.

## **9. Cancelación e/ou modificación**

Se, por calquera razón, o Concurso non puidese executarse como estaba planificado, incluíndo a infección de ordenadores por virus, erros, cambios, intervencións non autorizadas, fraude, fallos técnicos ou calquera outras causas que afectan a administración, seguridade, xustiza, integridade, ou conduta correcta do Concurso, o Organizador resérvase o dereito ao seu exclusivo criterio, de cancelar, rematar, modificar ou suspender o Concurso.